

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 14 DE MARZO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de marzo de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio (ausente), Dona Manuela Iglesias Collarte (ausente), Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 6 de Marzo do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

“Vista a solicitude de don **Jose Benito Pérez González**, con domicilio en rúa Muñoz Calero, nº 42, desta vila, na que interesa informe urbanístico aplicable a finca da súa propiedade sita en rúa Muñoz Calero, nº 42, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 10.03.06, que literalmente di:

“

1. *Os aproveitamentos son os que se establecen na Ordenanza 4.1, Residencial Cerrada, onde se establecen as condicións de parcelación en 4.1.4.2.*
2. *A edificación existente, corresponde a unha edificación entre medianeiras composta de S+B+P 1ª entre medianeiras e tipificada como edificio en **Fora de Ordenación**, segundo o Art. 103, da LOUGA.*
 - a. *Ao tipificarse no suposto de incompatibilidade parcial e o ordenamento municipal non taxar as obras de “ampliación ou reforma”, solo se poderán facer aquelas que signifiquen a súa adaptación á Ordenanza 4.1, Decreto 311 e Disposicións Xenerais de Accesibilidade para o teito máximo edificable, Protección contra incendios etc.*
3. *Axúntase co presente informe:*

- a. *Copia de la Ordenanza 4.1.*
- b. *Plano NNSSM.*
- c. *Plano Catastral. “*

“Vista a solicitude de **dona Noelia Martiñá Gómez**, en representación de RAMIRÁNS DOUS, S.L., de data 26.01.06, na que interesa condicións urbanísticas para a parcela con ref. Catastral Polígono 10.31.5, Parcelas 10-11-12-13-14, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 10.03.06, que literalmente di:

“

1. *O terreo ou parcela de referencia e segundo as NNSSM, corresponde a tres clases de solo.*

a. *Solo de Viais.*

A súa extensión e pormenores son os que se corresponden coa Cartografía Oficial das NNSSM, plano a escala 1: 2.000.

- *Vial de nova apertura de 15 metros de ancho entre alienacións.*
- *No expediente da **Primeira Fase** do mesmo promotor, consta un **Anexo técnico de urbanización** ao proxecto de edificación coas súas definicións e condicións, vial que se completa no mínimo necesario que se establece desde o eixe da vía de nova apertura. Na parcela actual non se contempla na súa totalidade a superficie do vial desde o eixe da vía prevista. Deberá completarse ata o eixe. Réxime de aplicación, se urbanizara completando ao eixe, imporanse as condicións de definición técnica e condicións particulares sinaladas na licenza outorgada á **Primeira Fase**, cesión como vía da malla urbana de dominio público e garantías procedentes.*

b. *Solo Urbano:*

Regulado por a Ordenanza 4.1 Residencial Cerrada, e demais disposicións concorrentes, representase na Cartografía Oficial con trama de cadros.

c. *Solo Urbanizable:*

Representado cunha trama de nido de abella, solo a desenvolver, segundo o punto 5 das NNSSM en supeditación ao que sinala a LOUGA, no seu Artigo 14, 21 e seguintes.

2. *Precisase que o solo urbano regulado por a Ordenanza 4.1 cumpra a condición de solar. Art. 16 da LOUGA.*

O expediente en curso de BROKER-RIBAVI, S.L., tense que resolver para poder completar a trama urbana desta banda ata o eixe da vía e o seu límite co Solo Urbanizable.

3. *Axúntase co presente informe:*

a. Ordenanza 4.1, Residencial Cerrada.

b. Cartografía Oficial, E 1: 2000.”

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ao deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. N°: RIB/N/04.1/06.

A GUILLERMO LÓPEZ CARBALLAL, con D.N.I. 34.422.260-T, e con domicilio en Francelos (Ribadavia), para levar a cabo as obras de instalación de ascensor en edificio de vivendas na rúa Celso Emilio Ferreiro, nº 5, desta vila, que se realizarán segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto don Luis A. Chao Gómez.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: instalación de ascensor para edificio de vivendas.

Contía na que se orzan as obras: 23.166 euros.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Celso Emilio Ferreiro, nº 5..

Arquitecto redactor do Proxecto: D. Luis A. Chao Gómez.

Nome ou razón social do promotor: Guillermo López Carballal.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ao de notificación da concesión da Licenza de obras.

Liquidación do ICIO: Visto o presuposto de execución material da obra, que ascende a 23.166 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a 602,32 euros, coincidindo dita contía coa xa aboada polo interesado, o día 09.01.06, coa solicitude de licenza.

Outras condicións: De acordo co informe da arquitecta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, de data 06.03.06, a obra executarase segundo proxecto redactado polo arquitecto don Luis A. Chao Gómez, sendo a dirección de obra a cargo do mesmo arquitecto, sen que se axunte Oficio de Dirección da Execución Material, deberá presentar Oficio de Dirección da Execución Material de arquitecto técnico que non consta no expediente. Visto o informe emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria con data 10.02.06, no que se sinala que en todos os aparatos elevadores se comproba o cumprimento dos requisitos de seguridade con posterioridade a súa construción e instalación e sempre a instancias e certificación de terceiros como requisito previo a súa posta en funcionamento, unha vez obtida a autorización pertinente da Delegación Provincial da Consellería de Industria deberá aportar copia da mesma ao expediente mediante a súa presentación no Concello.

EXPTE. N°: RIB/N/02.1/06.

A VICENTE GONZÁLEZ SEOANE, con D.N.I. 34.909.308, e con domicilio en rúa General Aranda, nº 2-3ºC, desta vila, para levar a cabo as obras de instalación de ascensor na rúa Ramón Otero Pedrayo, nº 11, desta vila, que se realizarán segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta dona Ana Isabel Fernández Blanco.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: instalación de ascensor.

Contía na que se orzan as obras: 20.300 euros.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Otero Pedrayo, nº 11.

Arquitecto redactor do Proxecto e director da obra: D^a Ana Isabel Fernández Blanco; **dirección de execución material:** D. Jorge González Veiga.

Nome ou razón social do promotor: Vicente González Seoane.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ao de notificación da concesión da Licenza de obras.

Liquidación do ICIO: Visto o presuposto de execución material da obra, que ascende a 20.300 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a 527,80 euros, coincidindo dita contía coa xa aboada polo interesado, o día 22.11.05, coa solicitude de licenza.

Outras condicións: Visto o informe emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria con data 10.02.06, no que se sinala que en todos os aparatos elevadores se comproba o cumprimento dos requisitos de seguridade con posterioridade a súa construción e instalación e sempre a instancias e certificación de terceiros como requisito previo a súa posta en funcionamento, unha vez obtida a autorización pertinente da Delegación Provincial da Consellería de Industria deberá aportar copia da mesma ao expediente mediante a súa presentación no Concello.

EXPTE. Nº: 16/03/2005/1417-ON/102.

A **VICTORINA LÓPEZ SOTO**, con D.N.I. 34.420.903, e con domicilio en San Paio (Ribadavia), para levar a cabo as obras que figuran no Proxecto Básico e de Execución para finalización de rehabilitación e ampliación de vivenda, sita en Estrada de Castrelo, nº 9, San Paio, con visado colexial de data 05.01.06, e redactado polo arquitecto don José B. Dávila Fuertes, constando encargo de dirección de data 29.11.05.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: legalización de obras de rehabilitación e ampliación de vivenda.

Contía na que se orzan as obras: 15.535,43 euros.

Situación e emprazamento das obras: Estrada de Castrelo, nº 9, San Paio (Ribadavia).

Arquitecto redactor do Proxecto e director da obra: D. José B.. Dávila Fuertes.

Nome ou razón social do promotor: Victorina López Soto e Emilio Montero Sánchez.

Prazos: os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non poderá exceder de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 16.03.05 se abonou polo interesado a contía de 42 euros en concepto de liquidación provisional do Imposto de construción, instalacións e obras, e visto o presuposto de execución material da obra, que ascende a 15.535,43 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación complementaria aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a 361,92 euros (403,92 euros – 42 euros).

EXPTE. Nº: 04/07/2005/3741-SC/268.

A **CELSA GÓMEZ FORMIGO**, con D.N.I. 36.021.480-F, e con domicilio en A Groba (Ribadavia), para levar a cabo as obras de derrube das edificacións (alpendres), sitas na Groba, Ribadavia, segundo proxecto técnico de derrube e anexos, con visado colexial de 09.09.05, redactado polo arquitecto don Delmiro Piñeiro Durán, constando encargo de dirección de data 16.09.05.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: derrube de edificacións (alpendres) na Groba, Ribadavia.

Contía na que se orzan as obras: 2.675,00 euros.

Situación e emprazamento das obras: A Groba (Ribadavia).

Arquitecto redactor do Proxecto e director da obra: D. Delmiro Piñeiro Durán.

Nome ou razón social do promotor: Celsa Gómez Formigo.

Prazos: os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non poderá exceder de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 04.07.05 se abonou polo interesado a contía de 42 euros en concepto de liquidación provisional do Imposto de construción, instalacións e obras, e visto o presuposto de execución material da obra, que ascende a 2.675 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación complementaria aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a 27,55 euros (69,55 euros – 42 euros).

EXPTE. Nº: 28/10/2005/5548.

A **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**, sita no Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela (A Coruña), para levar a cabo as obras de recuperación da Rectoral de Santo André de Camporredondo, sita en Santo André (Ribadavia), segundo proxecto básico e de execución e anexo á Memoria, redactado polos arquitectos don Manuel Seoane Feijoo, dona M^a Jesus Blanco Piñeiro, dona Sonia López Calvo, e supervisado polo xefe de servizo de supervisión de Proxectos, X. Insua Souto. Consta estudo de seguridade e saúde redactado por don Manolo Seoane Feijoo e Resolución de data 26.08.05 da Consellería de Cultura e Deporte no que se informa favorablemente o proxecto e se autoriza as obras propostas.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: recuperación da Rectoral de Santo André de Camporredondo .

Contía na que se orzan as obras: 766.148 euros.

Situación e emprazamento das obras: Santo André (Ribadavia).

Arquitectos redactores do Proxecto e directores da obra: don Manuel Seoane Feijoo, dona M^a Jesus Blanco Piñeiro, dona Sonia López Calvo

Nome ou razón social do promotor: Consellería de Cultura e Deporte.

Prazos: os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non poderá exceder de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: Visto o presuposto de execución material das obras que ascende a o importe de 766.148 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a 19.919,85 euros.

Outras condicións: Deberán cumprirse as condicións impostas pola Consellería de Cultura e Deporte e sinaladas na Resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural de data 26.08.05. Consta informe do técnico municipal de data 07.03.06 no que se recomenda o seguinte:

“Considerando cumprimentadas as esixencias básicas.

- 1. Dado que en San Andrés, non existe rede pública de abastecemento de auga deberase instalar nas dependencias da Rectoral un sistema propio de potabilización, equipo este que deberá ser homologado.*
- 2. Deberase situar no entorno da Rectoral de San Andrés, un hidrante protexido, para a loita contra incendios e conectado á rede pública”.*

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

“Visto o Recurso de Reposición interposto por dona **Olivia Rodríguez Deaño**, con domicilio na Estrada Filgueira, nº 88, Francelos (Ribadavia), contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 31.01.06, polo que se denega a licenza de desterre solicitada.

Visto o informe técnico de data 23.01.06, no que se sinala que os terreos nos que se pretende realizar o desterre están clasificados segundo as Normas Subsidiarias Municipais como SUB (P/UM), S-F2/N.P. **Solo Urbanizable**, e o informe técnico de data 10.03.06 no que en relación coas alegacións da interesada se ratifica no xa informado anteriormente.

Visto o informe do Interventor Municipal de data 13.03.06 no que se sinala que de acordo co artigo 7 do RD Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, establécese que “ o carácter urbano e rústico do inmovible dependerá da natureza do solo”. Sinalando no seu parágrafo 2º que “**enténdese por solo de natureza urbana o clasificado polo planeamento urbanístico como urbano; os terreos que teñan a consideración de urbanizables segundo o planeamento e estean incluídos en sectores, así como o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento da aprobación do instrumento urbanístico que o desenrola, e que reúna as características contidas no artigo 8 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre o Réxime do Solo e Valoracións.**”

A vista dos informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Desestimar o Recurso de Reposición interposto por don Olivia Rodríguez Deaño contra o acordo de data 31.01.06 da Xunta de Goberno local de denegación de Licenza de desterre en base as seguintes consideracións:

.- En relación coa primeira alegación da interesada, cabe sinalar que a clasificación do solo resulta do planeamento municipal en vigor que no caso de Ribadavia ven constituído polas NNSSM publicadas no BOP nº 66 de 23 de marzo de 1987, e NCSPP publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991, ordenamento que se atopa supeditado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza, recentemente modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro. De acordo con dita normativa, e tal e como se sinala no informe técnico de data 23.01.06, dito solo clasifícase como Solo Urbanizable.

.-En relación coa segunda alegación da interesada, cabe sinalar que o Imposto sobre Bens Inmóveis líquídase conforme o valor catastral, que resulta da valoración efectuada pola Xerencia Catastral, ao que se lle aplica o tipo impositivo sinalado pola ordenanza fiscal municipal, establecéndose distinción entre IBI-urbano e IBI-rústico en función da clasificación do solo que resulta do planeamento urbanístico municipal e do establecido no artigo 7 do RD Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e xa reproducido no informe do Interventor Municipal.

Segundo.- Notificar o presente acordo á interesada co réxime de recursos que proceda.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural de data 02.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 07.03.06, polo que se comunica ao Concello que con data 20 de outubro de 2004, o xurado provincial acordou iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coas características que se relacionan no mesmo, sendo a denominación do monte “Cerrada do Rei”, e a comunidade propietaria “Veciños de Santo André”, remitindo edicto para a súa exposición no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo dun mes e fixación nos lugares de costume do núcleo veciñal interesado.”

“Escrito do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Ourense, de data 27.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 09.03.06, polo que se achega a Sentenza recaída no Recurso contencioso-administrativo Procedimiento Abreviado nº 219/05 en cuxo fallo se inadmite o recurso interposto por dona Milagros Lorenzo Lorenzo, actuando en representación dos seus pais don José Lorenzo Rodríguez e dona Milagros Lorenzo González, contra o Concello de Ribadavia en reclamación da contía de 3.432,10 euros en concepto de indemnización polos danos ocasionados en dúas fincas propiedades dos recorrentes e

producidos con ocasión das obras realizadas para o ensanchamento da estrada Ribadavia a Carballeda de Avia ao seu paso por Franqueirán.”

“Escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Dirección Xeral de Urbanismo), de data 02.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 14.03.06, polo que se comunica ao Concello que a vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, na súa disposición transitoria segunda, estableceu o prazo de tres anos para adaptar o planeamento urbanístico anterior á nova lexislación urbanística galega; prazo que ven de finalizar o pasado día 1 de xaneiro de 2006. Polo que posto que o planeamento vixente neste Concello foi aprobado definitivamente ao abeiro da lexislación anterior e non foi adaptado á lexislación urbanística vixente nin tampouco á Lei 1/1997, do solo de Galiza, resulta de aplicación o réxime transitorio establecido na Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro. A continuación sinálase o réxime transitorio aplicable para cada tipo de solo.”

“Escrito do Rexistro da propiedade de Ribadavia, de data 07.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 14.03.06, polo que se comunica a inscrición a favor de dona María Purificación Lamas Alonso e dona María Purificación García Lamas, dunha declaración de obra nova terminada, formada por unha casa de soto, baixo e dúas plantas, sita na rúa Yáñez, hoxe número 3 da rúa Salgado Moscoso, e a obra nova foi rematada antes do ano mil novecentos sesenta, segundo certificación do arquitecto.”

“Escrito do Valedor do Pobo de data 10.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 14.03.06, polo que en relación co expediente C.6.Q/24/05 se solicita a remisión urxente a dita Institución da información solicitada ao Concello.”

5.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.-

DEVOLUCIÓN AVAL.

“Visto o escrito da empresa GESTIMA S.L., empresa adxudicataria da obra denominada “*Construción e explotación dun estacionamento para vehículos na Alameda do Concello*”, con domicilio no parque empresarial de Pereiro de Aguiar, Vial Centro Comercial- Parcela nº 30, 32900- Pereiro de Aguiar (Ourense), no que interesa que lle sexa devolto o aval constituído no seu día en concepto de fianza definitiva, coma consecuencia da adxudicación da obra mencionada, por importe de 13.601.769 pesetas (81.748,28 euros), e unha vez exposto o público o devandito expediente non habéndose producido alegación algunha, e vista a cláusula nove co contrato administrativo asinado no que se sinala que a garantía da concesión devolverase unha vez presentada a póliza de seguros de R.C. por importe de 20.000.000 pesetas (120.202,42 euros), póliza da que se axunta copia pola empresa, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda acceder a devolución do devandito aval.”

“Visto o escrito da empresa ECONET S.L., empresa adxudicataria do contrato de asistencia técnica denominado “*Estudio e Campaña de dinamización empresarial do*

Concello de Ribadavia”, no que interesa que lle sexa devolto o aval constituído no seu día en concepto de fianza definitiva, coma consecuencia da adxudicación do contrato mencionado, por importe de 680 euros, e visto o informe emitido polo técnico da Axencia de Desenvolvemento local do Concello de Ribadavia no que se sinala que a empresa concluíu a tarefa asignada de acordo cos criterios e principios esixidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda acceder a devolución do devandito aval.”

CERTIFICACIÓN N° 1 DA OBRA SANEAMENTO SANTO ANDRÉ E A QUINZA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 1 da obra denominada “Saneamento Santo André a Quinza”, POL 2005, Obra núm. 8/476, por un importe total de 27.568,13 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 1.141,32 euros; Feder/Map, 2.663,08 euros; Feder/A.L, 16.631,85 euros; Deputación, 915,26 euros e Concello, 6.216,61 euros.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.